



AXUDAS

Programa de axudas a centros especiais de emprego

CONVOCATORIA 2024



Contido

Normas xerais e convocatoria 03

Programa I
Axudas ás unidades de apoio á actividade profesional 05

Programa II
Axudas para a creación e adaptación de postos e asistencia técnica 07

Programa III
Axudas ao custo salarial das persoas con discapacidade 09

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra

Normas xerais da convocatoria

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 5 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M) (DOG núm. 32 do 14 de febreiro de 2024).

FINALIDADE

Garantir a empregabilidade das persoas con discapacidade mediante axudas a centros especiais de emprego a través de 3 programas:

- PROGRAMA I: axudas ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego (TR341K).
- PROGRAMA II: Axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica nos centros especiais de emprego (TR341E e TR341N).
- PROGRAMA III: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas con discapacidade (TR341M).

BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Esta convocatoria dirixese aos centros especiais de emprego que, na data da solicitude da subvención, figuren inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por separado para cada un dos programas, obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexos I, II, III e IV) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para presentar as solicitudes poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/chave365>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG e finalizará o 14 de marzo de 2024.

INCOMPATIBILIDADES

As axudas dos programas I e III serán incompatibles, respecto da mesma persoa con discapacidade. No caso de solicitar as dúas concederáse unicamente a de custo salarial. Así mesmo as axudas dos Programas I e III serán incompatibles coas axudas que se convoquen baixo o programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente para tramitar e resolver os programas de axudas I e II é a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Tráballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e para o programa de axudas III son as xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, referidas a centros de traballo radicados na respectiva provincia.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concorrenza non competitiva

PAGAMENTO ANTICIPADO

Poderán realizarse pagamentos anticipados do gasto, sempre que o CEE o solicite marcando esta opción no anexo de solicitude ou mediante escrito dirixido ao órgano xestor da axuda en calquera momento anterior á xustificación.

Para o pagamento anticipado as entidades beneficiarias están eximidas de constituír garantías.

XUSTIFICACIÓN E PERÍODO SUBVENCIONALBLE

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación conforme á resolución de concesión, mediante conta xustificativa, e solicitar os correspondentes pagamentos conforme os modelos que figuran como anexos na orde.

DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

O 15 de decembro de 2024.

PERIODO SUBVENCIONALBLE

Desde o 1 de decembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2024.

FINANCIAMENTO

O orzamento total destinado ás axudas a centros especiais de emprego nesta convocatoria 2024 será de 25.750.000,00 €.

Programa I – Axudas ás unidades de apoio á actividade profesional

FINALIDADE

Subvencionar os custos salariais e de Seguridade Social por conta da empresa derivados da contratación indefinida do persoal traballador das unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos CEE.

ENTIDADES BENEFICIARIAS. REQUISITOS

1. Os CEE da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que formen parte do seu cadro de persoal persoas traballadoras discapacitadas con especiais dificultades para a súa inserción laboral cun tipo e grao de discapacidade establecido nas letras a) e b) do artigo 5.2 das bases reguladoras destas axudas:
 - **persoas con parálise cerebral**, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
 - **persoas con discapacidade física ou sensorial** cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.
 - **persoas pertencentes a colectivos con especial vulnerabilidade.**
- b) Que dispoñan de unidades de apoio á actividade profesional, para a realización das funcións recollidas no artigo 27 da orde e coa composición que se detalla no artigo 31.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Os gastos subvencionables son os custos salariais e da Seguridade Social por conta da empresa, durante o período subvencionable, do persoal traballador das unidades de apoio, sempre que:

- **Teñan contrato indefinido.**
- **Teñan contrato de interinidade durante o tempo que se substitúa a persoa titular da praza de técnica ou encargada da unidade de apoio.**

CONTÍAS

Ata **2.400,00 €/persoa traballadora** con especiais dificultades para a súa inserción laboral con contrato indefinido ou temporal de 6 ou mais meses a xornada completa.

Límites máximos subvencionables :

- **Ata o 100 % do gasto nos CEE de iniciativa social.**
- **Ata o 80 % do gasto no resto de CEE.**

Outorgarase un incentivo cun máximo de 300 euros no caso da inserción dunha persoa con discapacidade na empresa ordinaria.

PAGAMENTO ANTICIPADO

A entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento anticipado da subvención concedida, que será, como mínimo, do **90 % da contía concedida.**

OBRIGAS E REINTEGROS ESPECÍFICOS

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 19 da orde, as entidades beneficiarias das subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

- Manter os postos de traballo durante o período subvencionable e a proporcionalidade exixida no artigo 31 da orde respecto da composición da unidade de apoio. Cando se produzan vacantes de persoal, deberán ser cubertas no prazo de dous meses dende a data de baixa.
- Manter no seu cadro de persoal o número de persoas con discapacidade, segundo o establecido no artigo 31 da orde.

Se non se puidesen manter os postos de traballo ou a proporcionalidade establecida, procederase á revogación parcial da subvención concedida e, de ser o caso, ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas.



Programa II – Axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica

FINALIDADE

Incentivar a creación de postos de traballo estables, financiar as adaptacións dos postos de traballo e as asistencias técnicas que precisen os CEE no seu proceso de creación ou de mellora e diversificación produtiva.

LIÑAS DE AXUDA

Os centros especiais de emprego poderán acceder ás seguintes liñas de axuda:

Subvención para a creación de postos de traballo estables en función do investimento en activo fixo (artigo 38, TR341E).

Destinada a subvencionar:

- A creación de novos postos de traballo indefinidos para persoas con discapacidade inscritas como demandantes de emprego non ocupadas no Servizo Público de Emprego.
- A transformación en indefinidos dos contratos temporais.

Subvención para a adaptación de postos de traballo para os centros especiais de emprego (artigo 39, TR341N).

Destinada a subvencionar a adaptación de postos de traballo e a eliminación de barreiras arquitectónicas, sempre que se acredite a súa necesidade para manter o posto de traballo en atención á discapacidade da persoa pola que se solicita a subvención.

Subvención para asistencia técnica prestada por empresas ou persoas físicas especializadas que reúnan garantía de solvencia profesional (artigo 40, TR341N).

Destinada a subvencionar:

- Contratación de persoal de dirección, sempre que o CEE teña, como mínimo, 10 persoas traballadoras.
- Custos derivados da obtención das certificacións de calidade e as súas sucesivas renovacións.
- Custes derivados da elaboración de plans de igualdade e plans LGTBI.
- Nos casos de creación dun centro de traballo (creación dun novo CEE ou ampliación do centro de traballo) ou nos casos de diversificación da actividade do centro, poderán outorgarse axudas de asistencia técnica consistentes en:
 - Estudos de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga.
 - Labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial.
 - Auditorías e informes económicos.
 - Auditorías sociais que lle permitan á empresa avaliar a súa eficacia social e o seu comportamento ético

CONTÍAS

1. Para a creación de postos de traballo estables:

1. A **contía base será de 10.000,00€ por cada posto de traballo** creado con carácter indefinido e a xornada completa. O importe desta contía será proporcio-nal á xornada laboral e incremen-tarase nun 25% cada vez que se dean os seguintes supostos acumu-lables entre si:
 - a. se a persoa incorporada é unha **muller**.
 - b. se a persoa incorporada ten **discapacidade** ou está en situación ou **risco de exclusión social**.
 - c. se a persoa incorporada ten **máis de 45 anos**.
 - d. se a persoa incorporada ten a condición de **emigrante retornada**.
 - e. se a persoa incorporada ten a condición de **trans**.
 - f. se o **centro de traballo** ao que se incorpora a persoa socia está **situado nun concello rural**.
2. A contía máxima por posto de traballo creado será de 25.000,00€
3. Cada un dos centros de traballo do CEE poderá solicitar un máximo de 7 postos
4. Outorgarase un **incentivo cun máximo de 300 euros** no caso da inserción dunha persoa con discapacidade na empresa ordinaria.

2. Para a adaptación dos postos de traballo e eliminación de barreiras:

Ata 2.000,00 € por posto adaptado

3. Para a asistencia técnica:

Ata 15.000 € para os seguintes conceptos, no seu conxunto:

- a. Contratación de persoal de dirección, sempre que o CEE teña, como mínimo, 10 persoas traballadoras.
- b. Custos derivados das certificacións de calidade e as súas sucesivas renovacións.
- c. Custes derivados da elaboración de plans de igualdade e plans LGTBI.
- d. Nos casos de creación dun centro de traballo (creación dun novo CEE ou ampliación do centro de traballo) ou nos casos de diversificación da actividade do centro, poderán outorgarse axudas de asistencia técnica consistentes en:
 - Estudos de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga.
 - Labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial.
 - Auditorías e informes económicos.
 - Auditorías sociais que lle permitan á empresa avaliar a súa eficacia social e o seu compor-tamento ético en relación cos seus obxectivos.

Ata 4.000 €, segundo o número de persoas contratadas polo CEE, para o informe dun auditor sobre a conta xustificativa das axudas recollidas nos programas I e III.

Límites máximos subvencionables no programa II :

- **Ata o 100 % do gasto nos CEE de iniciativa social.**
- **Ata o 80 % do gasto no resto de CEE.**

Programa III – Axudas ao mantemento do custo salarial das persoas con discapacidade

FINALIDADE

Subvencionar o custo salarial de todas as persoas traballadoras con discapacidade en grao igual ou superior ao 33% contratadas en centros de traballo do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Os contratos de traballo das persoas con discapacidade deberán cumprir a lexislación vixente e, no caso dos contratos fixos-descontinuos, ter unha prestación de traballo mínima de 2 meses consecutivos. Para os contratos de traballo de duración determinada previstos no artigo 15 do Estatuto dos traballadores, a duración mínima será de 15 días.

O cálculo da subvención estimarase para todo o período subvencionable, tendo en conta a duración das contratacións e das xornadas laborais de todas as persoas traballadoras con discapacidade contratadas polo CEE no primeiro mes polo que se pide a subvención e en función do SMI establecido polo Consello de Ministros para ese ano.

CONTÍA

- **Subvencionarase cun importe do 50 % do salario mínimo interprofesional (SMI) correspondente ás mensualidades indicadas na convocatoria, para as persoas con discapacidade contratadas nos CEE que estean de alta na Seguridade Social.**
Nos contratos de traballo a tempo parcial, a contía da subvención reducirase de forma proporcional.
- **A subvención será do 60 % do SMI nos supostos nos que se trate dunha persoa con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral.**

PAGAMENTO ANTICIPADO

A entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento anticipado da subvención concedida, que será, como mínimo, do **90 % da contía concedida**.




MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

**Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego,
Traballo Autónomo e Economía Social**

Edif. Administrativo San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela



eusumo.gal
info@eusumo.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal
empregoigualdade.xunta.gal

881 999 516 | 981 545 701